

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de outubro do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 19 DE OUTUBRO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día dezanove de outubro de dous mil vinte e un, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada en data 19 de outubro de 2021.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 14 de outubro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, o día 15 de outubro de 2021. BOP núm. 200 do 20-10-2021.
- Anuncio do 21 de outubro de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación inicial do expediente UEH/2021/27 de modificación do orzamento xeral para o exercicio económico de 2021 (crédito extraordinario e suplemento de crédito). BOP núm. 202 do 22-10-2021.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
19/8/2021	1563	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos)	****442D	
20/8/2021	1567	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado e declarar concluso o procedemento.	***5415**	
25/8/2021	1579	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de 2 horas á semana (agás festivos).	***3980**	
02/9/2021	1597	Conceder o Servizo de municipal de Teleasistencia Domiciliaria.	***3598**	
01/10/2021	1759	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos).	**3407**	
01/10/2021	1760	Declarar o desestimento da solicitude dos servizos municipais de Axuda no fogar, Xantar na casa e Teleasistencia domiciliaria e procédese ao arquivo do expediente.	***6946**	
01/10/2021	1761	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á	***6695**	

C.I.F. P-1503100-H

		<p>semana (agás festivos).</p> <p>Denegar o servizo municipal de axuda a domicilio por non acadar a puntuación mínima de 30 puntos.</p> <p>Conceder o Xantar na Casa para os sete días da semana e dar traslado desta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.</p> <p>Denegar o Servizo de Teleasistencia domiciliaria, por superar ata 3,5 veces o IPREM anual.</p>	***4949**	
--	--	--	-----------	--

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
24/8/2021	1574	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	***6137**	Pago do recibo de auga do 2º trimestre de 2021.	71,62€
02/9/2021	1598	Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación de pago.	***3061**	<p>Recibo de auga correspondente ao 1º e 2º trimestre de 2021</p> <p>Recibo de luz correspondente ao mes de marzo, junio e agosto de 2021</p>	<p>114,73€</p> <p>176,84€</p>
09/9/2021	1626	Concesión axuda económica.	***0850**	<p>Pago de electricidade correspondente aos meses xaneiro a xullo de 2021</p> <p>Pago de recibo de gas, correspondente os meses de febreiro a abril de 2021.</p>	<p>352,58€</p> <p>107,87€</p>

Código do documento USG15I03KF	Código do expediente USG/2021/182
Código de Verificación Electrónica (COVE)  2L2K 4P3E 206N 4M2A 08GH	

C.I.F. P-1503100-H

				<p>Pago de recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2020, 1º e 2º trimestre de 2021.</p> <p>Pago de recibo de electricidade, correspondente os meses restantes de 2021,</p> <p>Pago de recibo de gas, correspondente os meses restantes de 2021,</p> <p>Pago de recibo de auga, correspondente os meses restantes de 2021.</p>	204,03€
9/9/021	1627	Conceción axuda económica	***5326**	<p>Recibos do ano 2021,</p> <p>Pago de auga correspondente a recibos do ano 2021.</p> <p>Pago de gas correspondente a recibos do ano 2021.</p>	
9/9/2021	1628	Conceder unha axuda económica.	****5476*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de febreiro e marzo de 2021 (380€/mes) e parte do recibo de abril de 2021 (369€)	1129€
13/09/2021	1641	Conceder unha axuda económica.	***2324**	<p>Pago de electricidade correspondente a débeda acumulada dos recibos de febreiro a xuño de 2021.</p> <p>Pago de electricidade, correspondente a resto de meses de 2021</p> <p>Recibo de auga correspondente ao ano 2021, que lle será aboada mediante talón bancario</p>	509,37€

Código do documento	Código do expediente
USG15I03KF	USG/2021/182
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2L2K 4P3E 206N 4M2A 08GH	

				<p>nominativo.</p> <p>Bono de alimentos tipo A e o bono de hixiene tipo A, durante o ano 2021 cunha entrega mensual.</p>	
--	--	--	--	--	--

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
30/09/2021	1734	Conceder tarxeta de estacionamiento	***0092**	PROVISIONAL ata o 27/11/2023

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 29 DE OUTUBRO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Xoán Curiel: *A casa do terror.*

Maiores de 5 anos. Aplicaranse as medidas anti-covid que estean en vigor.

Entrada gratuíta. Reserva de asentos a mesma semana no tfno. 981665597.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)